
NARRATIVA

Caderno de viaxe

Xavier Alcalá, Vicente Araguas, Fdez. Naval, Ramiro Fonte, Margarita Ledo, Manuel María, Martínez Oca, Suso de Toro.



XERAIS

© Xavier Alcalá, Vicente Araguas, Fdez. Naval,
Ramiro Fonte, Margarita Ledo, Manuel María,
Martínez Oca e Suso de Toro
© Edicións Xerais de Galicia, S. A.
Dr. Marañón, 12 - 36211-VIGO
ISBN: 84-7507-415-4
Depósito Legal: M. 38.676 - 1989
Printed in Spain
Fotocomposición: SOVIGA (Pontevedra)
Impreso en Talleres Gráficos Peñalara, S. A.
Ctra. de Villaviciosa de Odón a Pinto, km 15,180
Fuenlabrada (Madrid)

BARCELONA

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Vía Durruti, ano trinta e seis

Sentiu as lúas, a alba no interior do porto, a severidade do tempo curto dos faros, o abrollo de tacto de mimosa nas coxas súas xeadas sobre metal de alxibe.

Lúa de alba, lúa fría e velenosa como a flor branca das adelfas, lúa na que se enganchan as detonacións dos fusís polo Campo das Ratas, na península da Torre, na terra a ras do corpo recén asasinado, presada de ámbito onde outrora se tiraron os retratos de voda e por cada naufraxio o mar recibía unha moeda de prata, e coa moeda de prata págaselle ao barqueiro que nos traslada dunha beira a outra para que a morte non o sexa tanto.

Lúa de alba entrando no betón dos silos para cereal, entrando nos depósitos de combustible, entrando, M.A., coa lúa de alba, dun chute, nesta amencida lampa, porque chega dun meridiano diferente no que o día vénse de vagar e máis tarde e máis mate.

A seguida, M.A. cruza os vellos raís e o seu andar é torpe, e é sobón, e non ten traza de parar nin de se dar andado a si, dual que é satín polo envés da folla, pero que se esnafra no silencio de sometido que proe e que doe. A súa andaina conduce a M.A. para o peirao de carga e olla as engranaxes de ferro de fundición dos dentes de grúa e no chan as rodeiras dos camións de Ondárroa que pasaron por toda a noite. Unha pintada de cor verde inaugura o comén da lonxa e simplemente di que non confíes nunca nunha puta.

Así, M.A. veu para a cidade.

Cada canto tempo florece unha orquídea estase a preguntar un home de cabelo liso e mouro mentres apón certo feitío zampo ao parar de andar ou cando cruza unha das pernas por tras a se sentar nos taburetes.

Ao mercar a planta e ao lle dicir á vendedora que canto tempo durará a orquídea florecida, a vendedora fai para el un aceno coma se lle rosmase e a min que me conta a estas horas, e a cidade é unha pétala pampa que apañas nun *intermezzo* de concerto, ao acaso, e a luzada outonía arriva a nós mollada, como que engulida por un enorme *brise-soleil* no que se tensan as súas cores. Reviramos a testa na primeira esquina e no primeiro bar da esquina pedimos, cun movemento feble do dedo e máis do labio, un *carajillo* de anís de marca Anís del Mono.

O home do cabelo liso vai serodio ou é quizais a orquídea a que lle afouta ese aspecto acídio e de luxo tristán, número cabalístico, ou é quizáis a orquídea a que lle outorga tempo a M.A. para se entreter no trenzado regular das vías e a reparar nun rito altivo no home de cabelo liso porque no seu cabelo liso leva tamén un penacho azul, tintura de ave salóbrega, sombra boa que se despraza sen prestar atención para as liñas máis trafegadas da vila que son tamén as de menor adorno vexetal coma se fose un becho de desertos.

O seu calzado de baixos de *caúchuc* ergue pouco do chan, e cando o home pasa por riba do *bonet* de Mercurio fai, co seu pé de *caúchuc*, un pasiño morno e a pluma de ave do *bonet* de Mercurio tínguese de gra e M.A., que mira para el enteiro, cruza o seu brazo dereito sobre o peito e pecha o puño sobre o corazón. M.A. quere como que chorar e por iso deixa ir os ollos para a beirarrúa contraria e no edificio de pedra do fronte le o nome da calzada, calzada ampla que ten no baixío da marxe dereita un reloxo de vidros e de bronce co caricato de Mercurio e o nome da calzada é Vía Durruti. Porque están unidos xa para sempre o home que leva consigo unha orquídea florecida e a pluma do *bonet* de Mercurio, M.A. coida que o penacho azul do cabelo mouro do home é plumaxe de bronce en que se acobilla a vocación terreal do tempo, e ve na face inxenua de Mercurio un ollo trémulo, pequecho e devorador de toda a encosta que remata no mar. Aló, por onde M.A. apareceu cando tronzou a alba e que é a fin da Vía

Durruti e que se contempla, dende o outo, coma remol orixinario de leilán.

O reloxo de Mercurio ten un duplo circo de horas e de días e as horas e os días ilumínanse nos circos de vidro esmerilado porque os vidros iluminados son un signo de que agora o mundo é a electricidade e o home que leva unha orquídea florecida consigo tripa asemade outros circos de vidro esmerilado e opaco e son vidros dos urinarios que habitan os fondos das prazas centrais e nos que hai un servizo de duchas para pobo sempre en pasaxe. Cheiriño a sulfato e a desexo, pobo en pasaxe que non ten no seu vocabulario certo tipo de frase como dicir, ao se erguer, se está prendido o aquecedor.

O home da orquídea vai deixar axiña a Vía Durruti, e nas marxes escoará entre materia traslucia de amencida, pero antes de se meter nas marxes o home párase, e olla, e o seu ar zampo ennobrece ao se sosegar na visión dunha vulva de rueiros xafrán e siena, con redobros baio de arxilas e esquinal decorado, cavetos, efecto crencho e malicioso de rendas, tique-taque fachendoso na liberdade de manipulación modernista, influída por culturas alén e porque a trouxo a burguesía viaxeira para se dar lecer particular.

Entradas á marxe que chuchan para vaidades permanentes de fusco, lonxe da vía rápida, principal e librecambista, afastamento das marxes verbo da vía rápida e sen mácula por onde os de profesión *contábile* arrastran con présa a progresión aritmética e son felices co seu maletinciño de cantos romos e xa comestos polas moitas vegadas que enxergan en terra o maletinciño para, os *contábiles*, endereitar as ombreiras, acanear un chisco o cinto coma se quixesen colocar os collóns no seu lugar, e agarrar outravolta no maletinciño co mesmo xeito co que alongan a man rexa e chócana e negocian ao chocar a man. Por outra banda, esta vía rápida ten pouca importancia, e é tal cal calquera vía rápida das que se construíron nas cidades para acicalalas exhibindo o xeito de medrar, exhibindo o seu plan. E contra as marxes.

Ruínas de cativos servizos moi especializados, as marxes ofrécenche todo tipo de pentes para o cabelo, toda clase de fíos ou de luvas con pespunteados e un mostra xigante de abelorios, tamén de puchos, tamén de pomos de cerrume, de

chemineas, de esprais. E de guipures. Nos queipos están os froitos secos e os tarriños de marmelada fresca fanche zugar nos dedos. Ruínas onde as fábricas eran de azucre ou se chamaron "La Sedeta". Ruínas de casas de caridade e de comedores económicos que hoxe enfeitizan a urbe como espacios para cultura metropolitana central e é un exemplo a antiga igrexa onde os alcohólicos anónimos manifestaban que eran uns perdidos por lle zorregar todas as noites de deus a aquela santa, e aquela santa escóitaos dende a bancada e eles, en diante, irán dando bicos por onde a santa pise, pero para dar bicos por onde a santa pise teñen que se liberar dese arco minúsculo, disimulado, no escuro, no que tan ben sentan os grolos de cazalla. Hoxe a igrexa dos alcohólicos é un novo lugar de mírame e non me toques para exposicións.

Ruínas, restos de clase, encadernadores e impresores do barrio de Gràcia ou do arrabaldo de Sant Andreu. Talleres submersos onde se traballa barato e onde o patrón, cos seus óculos de medio-vidro coma espelluelos de zapateiro fiorentino, é o teclista, o corrector, o que dá o visto bo, é o patrón-orquesta, Jonh Balan nas ruínas á marxe, casas que se van derrubando a zarpazos de Gelamonita, novo estuque para a fin do século.

A carón do *grafitti* verde que pon que non confíes nunca nunha puta os pescadores espallan as artes e as artes crean unha néveda despaciosa e vouga cara á casa de veciñanza de muradal cadrado, cor de manteiga, que ten xanelas cadradas e todas iguais que se biban en azulexo azul-añil para que se vexan as súas simetrías, símbolo de razón, expresionismo orgánico do arquitecto Coderch, casa que fende a cativeza de Port Vell e lle dá ao entorno azo magnífico de funcionalismo. Couso de outrora, o Port Vell é sitio para non te fiares, pitiminí á espera de que desapareza a restra de tinglados que ocultan o Paseio.

A torreta de tixolo do Port Vell indica, nunha inscripción, que se emprincipiou a obra no 1751 e que a obra chegou a bo término co Rey Carlos III. Catalunya sob o Despotismo. O reloxo que a torreta leva na corota chámase de Carlos III e ficará en solitude —especie de fibela para a antiga fortaleza

militar– cando caian as muradelas e a vista choute para a outra beira do mar e o teu ollo asexe ao contertulio da Barceloneta que lle manda ao corpo unha *bombeta*, unha pataca á brava, antes do almorzo, e mais o petisco hixiénico e do trinque que che deparan os chiringuitos de El Moll de la Fusta.

A pintada verde da lonxa trasladarase para o *parking* novo e de sochán, onde convive o estacionamento dos autos cos lavabos e co almacenaxe de queviures, de existencias, para o servicio de bar.

Quérese, e así se decidiu, un porto urbano, unha cidade con mar, e non un *port marítim*, un mar con cidade na que se apoiar e que tamén nos conduciu ao malecón, tarde de domingo, noivado adolescente.

A pé da torreta do reloxo M.A. ve unha nena como ve, colados á torreta, anacos de diversos materiais e de diferentes enxeños aplicados a que pase o tempo.

A nena que está a pé da torreta pon a man en visera, afasta de si as raiolas baixas, e dille:

–¿Dormes con boneca?

M.A. quere respostar que non, que non dorme con boneca. E agora a nena ri e di:

–Dormes con dúas coma min.

A nena arreda as mans porque aínda está a facer con elas a visera, lévaas para adiante, fai varios xiros e mentres fai xirar as bonecas sorrí, fai unha carantoña e coa carantoña estalle dicindo con isto non contabas e se cadra tampouco con que lle dea a man e a leve, ao seu paso, para fóra da lonxa e que saiba que M.A. non coñece aquilo e que a empurre para un local que presenta como o Museo do Bombeiro e que é unha casa de comidas, do 1888, chea de chafarises, de buxolas e de lanternas, chea de mecanos hoxe revellos que deberon sorprender nas rutinas cansas da época das revistas ilustradas. Can Joanet é, pois, ese surtido de aparellos de corte humanoide e de enredos para abraio dos seus moitos clientes e a nena mira absorta e dille que vén todos os días ao museo e dende atrás, no que debe ser a cociña, alguén asoma de esguello por comprobar quen entrou no comedor e ve que non entrou ninguén porque, por suposto, a nena debe ser xa como da casa.

Mentres contempla os artiluxios a nena cóntalle máis cousas pero de todas as cousas que lle conta ningunha lle gusta como lle gusta o museo do bombeiro, nin sequera cando atravesa o mar ata Montjuich, por sobre a auga, nun funicular bermello, e aló merenda con moitas ganas porque a viaxe acórdalle a fame e dende aló ve a lonxa, e a torreta, e o letreiro Can Joanet que se ve ben ao lonxe tan ben como se ve o abecedario, que tamén está aló enriba, pero non por riba do mar senón que cómpre subir ata o Val Hebrón e procurar un abecedario grande tan bonito coma os vasos grandes de beber e tamén vermello, e o abecedario ten un *A* xigante de pernas xigantes e ten outras letras que non son o *A* e tamén ten a *coma* e o *punto de admiración* e como algunhas das letras cansaron de estar de pé —mesmo o *P* cansou— pois decidiron fenderse en anacos e ficar estradas polo chan porque non lles dá vergoña esnaquizarse, porque as letras non teñen vergoña e porque as carretou para ese sitio tan outo un señor de óculos e xersei que se chama Brossa que é un nome que case que lle gusta tanto á nena coma o de bombeiro, o de *bombeta*, o de bombón e que agora non lle pode contar máis cousas porque no Port Vell agarda cada día a que chegue o seu pai e xa debe estar a punto de chegar.

Coexistencias, reloxo fóra de servizo, fóra de servizo o macaco de indias que reclama atención para os ultramarinos, cariátides interseculares dispostas ao tuntún, dragóns, elefantes, flores de lis, pámpanos, ligromantes, tendas de chiles e canela, botigas que só traballan o feltro —porque así o fixeron dende sempre— e que teñen feltros de todas as texturas para todos os gustos e a calquera prezo, que teñen feltros corados mesmo con esa cor que non lle acae ao feltro, por exemplo as cores porosas da salmodia.

Mundo no que sabe pouco que facer M.A. anque M.A. estea acó por razón de vinganza. Manto de ópalos sobre a lúa fría de alba, balburdio de vidros e de ferros por tras dos que se acocha o home de cabelo azul e de penacho liso coa súa orquídea florecida, collón de can, e dende ela a conta atrás encétase de seu e o tempo será o tempo que dure a orquídea florecida.

M.A. non pode darse aínda por vencida e tenta recomenzar a historia, revivir de novo recorrendo á morte, e a morte é

agora este percurso de superficie no que ela apaña o sentimento da cidade cha, que é, coma calquera outro proceso persoal, incomunicable.

E porque o tempo preme, preme dende o feitío de todos os reloxos con que presume a vila, M.A. aterra a súa vocación, a súa invocación, en querendo acertar coa chamada súa para amosar a realidade e a súa superioridade sobre o que a maioría da xente chama real. Xohán Casal Pardo cóllea, cóllelle a face entre as súas mans, e M.A. toca na escrita de Casal, 1959, carta asinada na Coruña a 29 de marzal, vento que lle enche o cabelo con escama diáfana de maraghota, e sente que *sempre haberá un neno que lle diga o seu nome en galego á garda civil e que malia os fusiles, malia a indiscutible realidade* –dormes con boneca– *malia a demostración lóxica da mesma vida* –Cornavin, Victoria Station, Austerlitz– *berre en galego. Só, se cadra na noite, morrendo entre o berro do mar.* Vento diáfano dentro das ondas mentres o cabelo enreda en maraghotas.

Ferros de forxa ornamentados, faros de ferro e abano arreda veciños entrambos balcóns, abano de remate en frecha coa que lle está a dicir ao rateiro de que alí, alí mesmo, poderá ficar dependurado, agás se o salteador brinca feliz sobre da frecha e se confirma un heroe entre ferro de forxa ornamentado e mais os vidros tépedos. Toda unha escola de pasamanería da que temén formará parte o salteador.

Faros de ferro por sobre os portalóns e para siluetear estes chamadores suntuosos dos portalóns; faros de ferro que foron fascinio en se diversificando na Expo Universal do mil oitocentos oitenta e oito, ao pé da máquina de coser Aurora de Escuder e iluminando o anuncio de carreiras de velocipedistas, festa de rúa para animar o acontecer. Faros de ferro entre moreas de quinqués, de lámpada de sobretáboa ou de sala de estar ben, onde os apliques de parede son un encanto e na que a fiestra esculca estas bolas de chumbo que dende non hai moito enfeitizan a praza claustral, sen neóns, sen saídas, na que as saídas disfrázanse nos recantos da praza Real chea de suristas e de modorra, con vías verticais paralelas, palmas altas que endexamais se encontran e que confabulan un aletexo súpeto e xélido dende o seu mirador esquivo.

M.A. préndese na superficie e esta superficie na que prende coma luva con perifollo de púrpuras e malvas arrás-

traa a observar outras liñas que tampouco endexamais se cruzan e son liñas de aceiro as que se erguen purificadas, sen se luír, dende o seu magma de augas baixas, de fontaíñas artificiais, liñas longas de metal que lle amplan a razón no seu brillo separado para arredar líquidos e láminas entre o coiro da serpe nunha outra praza ao trote na que M.A. localiza reloxo afouto, novo esteo para ofegar os rumbos, e indicar un camiño de ferro *–estació* de Sans– como signo máis aló do real.

M.A. prevé algures o devalo da orquídea como opresión dos cascos de cabalo que cercan as estatuas brancas de Clarà na praza de Catalunya, cabalos con ronzal estalicándolles a enxiva baba, cabalos co paso quedo sen poder arrincar en andadura para as demostracións festeiras, cabalos para a defensa de pavimento maldito, para que sobre o pavimento non se lles achegue o pasiño sen bruído do opoñente.

Cascos de cabalo de odio como odio de todas as estatuas de mármore suntuoso. Os opoñentes seguen e fórmanse en ringleira e nun tris, e seguen a vir dende Pelai, ou dende Fontanella, ou dende a Ronda de Sant Pere, ou para as Rambles. A barreira ecuestre entra ao gallope, renxe a matraca, o choque limpo e frío da cisterna, o foso tépedo na boca de metro que se tapona, e a patiña fina do cabalo grisallo tripará ata que o mesmo cabalo arregaña os seus dentes insatisfeito da súa ferradura nerviosa e calcona sobre a enxiva baba agora do opoñente que ve por entre a ferradura a fealdade de edificio teutón, o poder miserabilista dun entorno que dá grima como dá grima este almanaque sobre herba postiza.

Porque os almanaques postizos, co seu reloxo de mirtos e de lilios ananos e duros, de semente rabena, póñense para recibir visita de Gobernador e a M.A. danlle grima os almanaques de mirto, as tulipas sen recendo, tanto como lla dá ese enxame de pombas asquerosas e agresivas que picotexan nas dedas lentas dos mediopensionistas.

M.A. fai por lle zorregar un puntapé a unha pomba e a pomba cacarexa coma pita choca e parece que se lle queira arrepoñer e dálle o corazón que estas pombas son unhas falsarias.

En saíndo do circo negro de pombas e siseo, M.A. torce e corre outravolta ao punto fixo sobre do reloxo de sochán por

ver se a plumaxe bronce de Mercurio se lle revela. Pero o penacho que sonsaca este *bonet* chulito de Mercurio non é senón que unha forma perdida dende hai moitos anos e as botas pásanlle por riba e pásalle por riba un botín de cativo que nin repara que alí existe un reloxo de contiño de fadas.

M.A. evoca, no reloxo de Mercurio, a razón que a trouxo ata este punto da historia e a querer comenzar unha historia sobre este reloxo arrepuxando a crenza, cando xa ten tan pouco tempo e cando a cidade, que se lle afasta na súa multiplicidade, acocha nalgunha das súas espenucas o obxecto de persecución.

M.A. ten que ensumir todos os signos neste signo lanzal, neste reloxo que lle indica como o tempo é ouro, mentres entrama con pezas mestras un degoiro grato de continuidade na gorza ampla das marés que lle tiran a vida e olla a alba xeada dende as ondas e abraza as ondas con abrazo amador e porque na apreta fánselle memoria. Sabe tamén, cando observa que a pluma de ave de mercurio se tingue de gra, que neste sentimento de desexo a realidade faise máis real, como o penacho azul do cabelo liso e mouro do home que leva consigo unha orquídea, a paso serodio, e é home real con chaleco escuro embaixo a súa *xaquete* de cadradiños foscos.

Bafo estafador no canto de serea que non te alivia, nó seco que te pon a andar ás toas porque ollas a dirección que collen os teus pasos como externa a ti mesma e sucumbes de afecto solidario ata dares cunha sentencia implacable sobre reloxo solar sen importancia, reloxo revestido por lama vidrada con debuxolas a cores, no muro dunha rúa picuda que leva por nome Encarnació, e o reloxo, inútil como decoración porque está alto de máis, e inútil como informador horario, semella a consciencia antiga e galante deste barrio de bares en puxa co nome feo de Guinardó:

Jo sense sol
tu sense fe
cap dels dos
no valem res.

Ou quizais o artellamento dos versos sexa diferente, e non dean comenzo pola cuestión do sol senón pola da fé, porque debe ser un reloxo de axitación, propagandístico, coma o que

hai nun bocoi pequecho, agasallo de marca de coñá, en tascas próximas.

Dous americanos –que serán sempre os dous americanos– chegan ao aeroporto do Prat e ollan para a fita dixital do *hall* do aeroporto e alporízanse felices porque a fita dálles a hora de New York e tamén a hora de Los Angeles e porque en NY ou en LA é xa máis tarde.

M.A. olla aos americanos, a fita dixital, ao tempo que chouta dunha beira a outra do Atlántico.

Os dous americanos exhalan *good,* exclaman *very nice* e veñen vestidos con americana asentada dúas tallas menos, e portan un alfinete na *cachemire-tie* (gravata de cachemire) co que xa demostran quen son neste alfinete no que se engarza unha pedra que lampea e que debe ser un diamante.

E porque a pedra lampetexa ou porque tamén se fixan aos reloxos ou porque empeza a dalo todo por perdido, entretense seguíndolles os pasos.

Os dous americanos recollen a súa equipaxe blindada e van ao encontro de alguén, porque alguén debeu vir recollelos pero eles memorizan moi mal os nomes estranxeiros e sempre dirán calquera outra cousa. Alguén que os veu recoller veu sen auto e os americanos *can't belive*, recollelos sen auto, e marchan, os americanos e alguén que os veu recoller, a golpe de taxi. E a golpe de taxi os dous americanos son arrecadados ata un típico-típico local porque alí será a cea de negocacións e os americanos tratarán cunha *designer* que traballa para casa americana e queren que para eles faga o *pattern* dun trebello de prata ou ouro ou metal nobre calquera, para poñer na orella, que se chama sonoton e que será só para xordos de *pedigree.*

As casas de baño son casas de comidas e as casas de comidas lizgairas, raiadas e estreitas, son casetas de baño, son coma casetas de baño das praias dos cincuenta. Tal as casetas de baño, as casas de comidas sitúanse nas lindes dunha area fofa.

As casas de comidas asemellan tarima ou barraca de aniversario e teñen, polo tanto, cores de aniversario, cores mazá, cor azul clariña ou azul ceo, cores rosa lilas e amarela de

amarelle. Nunha das casas o reloxo forma unha pirámide de cubos de azulexo e os cubos seccionánse en triángulos verde tibio e amarelo e ten ese aire de paso doméstico e de casa de confianza que quizais lle veña da caixeira porque a caixeira aproveita o tempo morto para, na táboa máis próxima, ir pranchando os manteis coma se se tratase dun mandil de escola.

Entre unha e outra instalación de candansúa casa de comidas a parede é mendianil, e é parede caleada, e nela apoia un parasol de uralita con algún contraforte, e na parede de cal grosa e de sarille rotúlanse mensaxes ben para se presentar:

Terramar, Gato Negro, El Salmonete.

Ben para advertir: perigo, non tocar. Aínda que un non saiba ben que é o que non se poderá tocar e non saiba tampouco a razón de por que en troques desa linguaxe universal da calivera e dos dous osos cruzados díseche que non toques ren cun risco que é un enchufe e embaixo do enchufe dous cabos treman, ou serán dúas cobras mariñas e eléctricas do mar das Açores, e vese logo que o tremolar é causado por unha descarga eléctrica e que, de calquera maneira, eles saben que ti xa sabes o que se che está a dicir e senón, non tes máis que onde pon o enchufe pensar nunha calivera e onde se cruzan os dous cabos colocar os fémures.

A cea é en El Salmonete. Porque este tipo de tratos son en El Salmonete e porque os americanos tópano *very nice, good*, e porque os americanos xa están a repetir, dálle que che pego, *can't belive*, e tamén porque, en simultáneo, hai unha despedida de solteiro. Entra e sae, aparece e desaparece un cantor de *tonadilla* melosa, óese e non se oe, xentil voz ás voltiñas, cheiro a Lisboa, sorrinte, dobre labio e dentadura ben achantada, pouso racial no seu cabelo engomado, moito recato na cónchega de alpaca coa que recolle moedas e que podería converterse, por arte de birlibirloque e encollendo, no *pattern* ese do sonoton. Cónchega preciosa e de prezo no pavillón lindo da túa orella. Cantor enxoito, cantor admirado polos mesmos que chorabamos coa batalla de Arxel.

Very nice. E os americanos beben, comen chipiróns e chanquete, papan paella, e chiringan a *cachemire-tie* co augaduro de percebes xeados. A anfitriona ergue, e ergue tamén a

voz, e dilles que o sonoton que llo faga a puta que os pariu e os americanos *can't belive.* Floco de millo. Cacho pedorro. E os americanos non dan entendido e os da despedida de solteiro –que como cómpre son todos homes– ollan esa fémina enorme e coidan que o que pasa é un alucine e debe ser un alucine porque os da despedida de solteiro xa se meteron nos chistes de porcalladas e levan no papo unhas cantas botellas de Soberano.

Lecer nesta casa de baño onde se come e onde a táboa acícálase cun caravel en casco antigo de gaseosa, porque poñer un caravel nun casco de gaseosa é tamén liberdade de expresión como a tan plaxiada, por obscena, etiqueta que presenta un macaco-home, adiantándonos a conciencia da evolución dos mundos tal e como se nos adianta na estética Perpetuo Socorro –ou *Socorro Rojo*– a imaxe culebrón e bizancio dos bares de maricas.

Lugar xusto, El Salmonete, señor xuíz, para crime que só o é unha vez, señor xuíz, para Crime Exemplar coma os de Max Aub. ¿Vostede que faría, señor xuíz? Eles, eles querían que eu lles fixese un aparello para colarlla aos xordos, señor xuíz, e eu odio aos xordos. Odio aos xordos porque falo moito, señor xuíz, e porque non quero que as cousas que eu fago se leven agachadas nunha orella, como en disimulo. Querían escoitar as traxedias en prata, señor xuíz. E agasalleinos.

Gambas baratas, mexillóns con mollo, patacas picantes, recendo de farturas.

Ponse o sol. M.A. perde o bafo de penacho de ave azul que lle dera alento e os metacrilatos redoman na area o último lostregexo que xa nin coñece o que é un *brise-soleil.* E M.A. vaise camiñando para a súa estación, para a Estación do Norte, a dos galegos, onde algúns aínda xogan á petanca. Alí, en ruína, topas os restos dun *brise-soleil* mentres, a cen metros, os *chaperos* e *chaperas* fanche, se che parece, un mamoneo.

Ruína con reloxo de marca de porcelana fina, marca de fabricante I. Tolsona e con *brise-soleil* nos lavabos onde tamén unhas columnas chas, con capiteis vexetais, amosan canto campearon as propostas de aplicar a arte aos obxectos de

todos os días e entre os obxectos de todos os días ten un lugar de honra o camiño de ferro, a súa bóveda estructurada, o xiflo do sangai cara a Galicia e este retrete que te despide cheo de esplendor.

O tren partiu e partiu para sempre e agora o barrio da Estación do Norte soamente é barrio aborrecido de xulgados.

Lamento de M.A. no que se sosega como se sosega sempre cando entra nunha estación ou en calquera outro lugar illó, en algures que xa nin existe. Gustaría, M.A. de seguir novamente ao home liso e mouro, o seu aspecto tan ecléctico, e malfiarse del que esfarelou o seu rumbo adrede ou é que ela articulou ao contrario os diversos sinais para o presaxio. Se agora, se agora mesmo o home do penacho azul se lle puxera diante, M.A. tocaríalle nas costas e o home reviraría e ao lle preguntar que canto tempo dura unha orquídea florecida o home resposta que o tempo todo que ela o necesite. Pero nin nas historias as cousas son así.

Nas historias as estacións son sempre tristeiras ou foi iso o que sempre nos dixeran e por iso na súa señardade cabal M.A. está nesta estación que é xa ruína ruín e os lavabos son agora rudos, son lavabos para o mamoneo e M.A. quere a fin na estación dos galegos para entrar así, polo seu pé, na coacción da morte e ao poñerlle pé á morte liberarse de tanta realidade que ensumiu o degoiro seu e a súa persecución ata o arrepío e non poderes máis.

Sempre, en todas as estacións, en todas as estacións abandonadas, con cada reconvertido, en cada andén que nos leva alén, en cada situación de camiño de ferro hai un home pequeno e colocado de costas coma se se tratase dun exhibicionista. Pero este home pequeno non leva chapeu.

Este home que está hoxe na Estación do Norte non é home de andéns nin é home de andar a velas vir polas estacións noitébregas procurando *chaperos.* Ou aínda que o fose, este home non está acó por iso senón para se embelesar co que ha ser a súa obra inxente, primeira nesta vila, e vese que adquire un aspecto iracundo mentres a imaxina aí, a carón.

Mágoa grande se non a chega a ver.

Porque este é un home de renome e este home erguerá a

súa esgrevia poutada loxicial aí, a carón, tirando para si música celestial, auga de maio, feliz noventa e dous, areal de columnaxe petrucio e *grec style*, todo fineza e sociedade de pensadores e de escravitude, frontóns colosais coma templos e luzada vertical para o milagre de termos sorte en contemplar unha das súas obras magnas.

Bofill, nome de home nos baixos dun teatro nacional. En Barcelona.

M.A. sente a rixideza súa definitiva, punto fixo no lusco cara á alba fría e quererá acudir á fala por facer un seu esforzo derradeiro e coa fala diríxese a aquel home da Estación do Norte. Na escuridade que precede sempre a toda creación M.A. coméntalle en ton discreto que houbo un lugar a pé do mar onde moitos galegos foron fusilados polas súas ideas políticas e nese lugar, a pé do mar, sentiuse dicir que era vostede —pero eu non o sei— que era vostede o encargado de facelo desaparecer.

Preme na gorxa o tempo como invocación. A orquídea derrama como un liquen mol do seu pistilo e con todo desprezo o home escoita que lle queremos á memoria da morte porque nela temos o camiño de volta sinalado e que ao defendermos o Campo das Ratas como inviolable temos en nós terra que se meteu por entre as uñas dos asasinados.

O home cativo e de renome coida agora que topou cun iluminado mediático que disfruta de espacios ampulosos para o seu sermón. O home cativo faise primeiro o déixao-déixao pero non é quen de non manifestar anoxamento por esa especie rara de interlocutor e pois que na estación é todo doado o home cativo tintinexa:

—Quererase vostede referir á area onde imos poñer un parque de atraccións.

Díxoo sen se apurar, con aborrecemento, sen desculpar sequera certo ton de mofa que se lle albisca nas marcas de buril que arrodean a boca súa de imposturas.

M.A. séntase nun escano. Olla, olla co ollo mesto e por entre o ollar mesto adiviña tacto de penteado para atrás e sen patillas, adiviña polo tacto que as orellas son ben feitas e pegadas á face e que no seu nariz tenso e indo para grande, no seu labio fino e de verdade ou na súa xaquete discreta niño de abella, Xohan Casal contempla a orquídea morta e sabe que

unha orquídea tarda varios anos en florecer. Por iso, ladea a testa para o recordo e faille un signo de complicidade.

A lúa fría sae do peirao ao tronzar a alba e vense por vez única as trece estrellas da constelación auriga, estrelas binarias coma o home de cabelo liso que contempla a orquídea morta e que agora, sen esta orquídea, sen a madrugada, entre as augas, recolle unha man de moedas como pago para se retirar á outra beira.

Vese por vez única a constelación binaria, o reloxo de Mercurio cobre toda a cidade, os seus bronces eclipsan a luz dos vidros e as volutas de augamar viscosa irrompen nas ruínas da Estación do Norte para entrañar comigo a cordura que nos trae a dor e para que ao invocar o lugar ermo e illota onde fomos executados todos saiban que queremos vagar cabo da costa.

Vese por vez única a dozura dunha orquídea morta no home cativo e atónito da Estación do Norte en sendo traspasado pola pluma de bronce de *bonet* de Mercurio, ave pizpireta e rexa como as fíbulas.